

RESOLUCIÓN ALCALDÍA Nº 191/2015

BASES PARA A PROVISION, EN REXIME LABORAL TEMPORAL, DUN (1) AUXILIAR DA POLICIA LOCAL.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA, MODALIDADE DE CONTRATACIÓN E DURACIÓN DO CONTRATO.

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal dun (1) AUXILIAR DA POLICIA LOCAL, a través do procedemento de selección que se sinala nestas bases, de conformidade co disposto na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei 7/1985, de 2 de abril, o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, o Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei da función pública de Galicia, e demais disposicións de pertinente aplicación.

Correspóndelles desempeña-las funcións propias desta categoría profesional na Policía Local de Malpica de Bergantiños tales como custodia e vixiancia de bens, servizos e instalacións municipais, así como auxilio e colaboración dos funcionarios do Corpo da Policía local e demais Forzas e Corpos de Seguridade.

A modalidade contractual será a de un contrato temporal por acumulación de tarefas, prevista no R.D. 2720/1998, de 18 de decembro (art.3) e a súa duración será de 2 (dous) meses contados a partir da sinatura do mesmo.

A retribución mensual serán de mil douscentos noventa e dous euros e oitenta e seis céntimos (1.292,86 €) por tódolos conceptos, incluída ó rateo de pagas extraordinarias, que se aboarán con cargo a partida orzamentaria correspondente do orzamento prorrogado.

SEGUNDA.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.

Para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos referidos todos e cada un a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes:

- a) Ter a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión Europea ou nacional dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos previstos no artigo 57 da Lei 7/2007. Así mesmo poderán

participar, en igualdade de condicións ca os españois, os extranxeiros con residencia legal en España.

- b) Ter máis de 18 años e non cumpridos os 58 anos de idade.
- c) Estar en posesión da titulación esixible para o acceso como funcionario ao grupo C2 (educación secundaria obligatoria, graduado escolar ou equivalente), ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias, ou outros superiores.
- d) Ter unha estatura mínima de 1'65 metros os homes, e 1'60 as mulleres.
- e) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais e funcións correspondentes ao posto de traballo para o que se opta aspira.
- f) Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo nas administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme. Será aplicable, no obstante, o beneficio de rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.
- g) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

TERCEIRA.- PRESENTACION DE INSTANCIAS.

1.- As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ó señor Alcalde na que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base segunda desta convocatoria, referidos sempre ao día en que remate o prazo de presentación de instancias.

As citadas solicitudes presentaranse no citado Rexistro xeral do Concello en horas de oficina (de 9 horas a 14 horas agás sábado que será de nove horas a trece horas) ata o día 5 de maio de 2015 (inclusive) , **que se iniciará o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no diario La Voz de Galicia (edición Bergantiños) .** Tamén se publicará no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

Así mesmo poderanse presentar na forma que determina o artigo 38.4 da lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; **neste caso, os concursantes deberán comunicalo mediante telegrama ou telefax durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.**

Se, conforme a este precepto se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude (doutro modo, a data de anotación no Rexistro xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos) e avisar ao Concello de que se remite a citada solicitude mediante fax (tal e como se indicou antes).

En todo caso, si a documentación non resulta recibida no Rexistro Xeral do Concello en data máxima de 13 horas do día 8 de maio de 2015 (dada a premura da convocatoria), se entenderán recibidas fora de prazo, quedando excluídos os interesados do correspondente procedemento.

2.- Necesariamente xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os aspirantes deberán achegar, inexcusablemente, a seguinte documentación:

- Xustificante acreditativo de ter ingresado na Tesouraría Municipal a cantidade de nove euros (9,00 €) en concepto de dereitos de exame. Este importe poderá facerse efectivo directamente nas arcas municipais ou mediante xiro postal ou telegráfico, así como mediante ingreso na conta de recadación de ABANCA IBAN ES36 2080-0030-96-3110000041 indicando os datos persoais do/a aspirante e praza á que opta. A ausencia do abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión do/a aspirante e non poderá ser obxecto de subsanación.
- Fotocopia do DNI ou documento identificativo.
- Fotocopia da titulación esixida na base segunda, punto c desta convocatoria.
- **Certificado médico a que se refire a Base 2ª letra e) acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida exercer-la función propia a desempeñar.**

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, debidamente validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

3.- Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

CUARTA.- ADMISION DE ASPIRANTES.

1.- Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde dictará resolución declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos do Concello e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web municipal.

Os/as aspirantes excluídos/as, dispoñen dun prazo de un (1) día hábil) seguinte á publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do art. 71 da Lei 30/92.

2.- Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello. Na mesma resolución o Alcalde determinará o lugar, data e hora da celebración do primeiro exercicio, así como a composición do Órgano de selección. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web municipal.

3.- De non existir aspirantes excluídos/as, o Alcalde elevará a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución de aprobación.

QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal cualificador será designado por Decreto da Alcaldía, no momento de aprobación das listas definitivas de admitidos/as e excluídos/as.

Todos/as os/as vogais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores/as especialistas para as probas que considere pertinentes, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente as cales colaborarán co órgano de selección.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

Os membros dos tribunais deberán absterse de formar parte de estes cando concorran as circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Os/as aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 29 da mencionada lei.

Para os efectos de percepción de asistencias polos membros concurrentes ás sesións dos tribunais, estes estarán clasificados nas categorías que establece o número 1 do artigo 30 do Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servicio.

SEXTA.- CONTIDO DO PROCESO SELECTIVO, FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.

Sistema de provisión: oposición libre.

DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS E PROGRAMAS

A data e máis a hora na que deberá constituírse cada tribunal, así como o día e a hora para o comezo do primeiro exercicio das probas selectivas convocadas serán determinados polo Alcalde mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos e a composición do tribunal, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello.

Unha vez comezadas as probas selectivas será suficiente coa exposición nos locais onde se celebren éstas e no taboleiro de anuncios do Concello. Así mesmo, e sempre que sexa posible, poderá publicarse, a título informativo e complementario, na web municipal.

Cando o tribunal o considere conveniente, poderá acordar a celebración de varios exercicios nunha mesma xornada, concedéndolles aos/ás opositores/as un descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración deles, ou na xornada seguinte, deixando transcorrer un prazo mínimo de 12 horas.

Os/as aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non comparezan a realizalo, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas discrecionalmente polo tribunal.

Os aspirantes deberán presentarse para realizaren cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles.

Comezada a práctica dos exercicios, os tribunais poderán requiririlles en calquera momento aos/ás concursantes que acrediten a súa identidade.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído, previa audiencia do interesado, comunicándollo no mesmo día á autoridade que convocara o proceso selectivo.

A orde de actuación dos/as aspirantes naqueles exercicios que non poidan celebrarse conxuntamente iniciarase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola **letra S**, de conformidade có establecido na resolución da Consellería de Facenda de 29 de xaneiro de 2014, pola que se fai público o resultado do sorteo celebrado o 29/01/2015, en cumprimento do disposto no artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia . De non contar aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciarase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

Concluído cada un dos exercicios da oposición correspondente, o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios do Concello, a relación de aspirantes que o superasen, indicando a puntuación obtida. Os opositores non incluídos na lista terán a consideración de “non aptos”. Así mesmo, e sempre que sexa posible, poderá publicarse, a título informativo e complementario, na web municipal.

A selección dos aspirantes realizarase mediante o sistema de oposición libre que se desenvolverá como segue:

FASE DE OPOSICIÓN.

Consistirá na realización das seguintes probas:

Primeira. Comprobación da estatura e probas de aptitude física.

-Comprobación da estatura.

Antes de comezar a realización do primeiro exercicio (probas físicas) efectuarase o control da estatura dos/as aspirantes, quedando eliminados/as os/as que non acaden a estatura mínima de 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

-Probas físicas.

As probas físicas cualificaranse de apto/non apto. Para obter a cualificación de apto os aspirantes deberán acadar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba.

A) Potencia tren inferior: salto vertical.

Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

O aspirante colocarse en posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os calcañares do chan, e marcará coas dedas a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase, separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente coas dedas o nivel alcanzado.

Para a correcta realización da proba deberanse observar as seguintes regras:

- Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.
- Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.
- Permítese dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo no primeiro.

A distancia entre a marca feita desde a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade.

	18-36 anos	37- 48 anos	49 anos ou máis
Homes	41 cm	33 cm	29 cm
Mulleres	32 cm	28 cm	25 cm

B) Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase en pé.

Só se permite un intento.

O/a aspirante que abandone a carreira quedará excluído.

A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros no tempo máximo (en minutos e segundos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade:

	18-36 anos	37-45 anos	46 ou máis
Homes	4'30"	5'00"	5'15"
Mulleres	5'00"	5'30"	5'45"

Segunda. Proba de coñecementos.

A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario especificado no anexo da convocatoria.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula: $N = (A - F/3)/5$.

Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas erradas ou non respostadas.

Terceira. Proba específica sobre coñecemento do termo municipal e da toponimia local.

O órgano de selección someterá aos/ás aspirantes a unha proba para determinar o seu nivel de coñecemento sobre as características propias do concello e a toponimia local.

Consistirá en localizar sobre plano rúas e lugares do municipio, edificios e establecementos públicos de interese xeral ou turístico, así como praias e lugares do Concello, que figuren na lista facilitada polo Tribunal inmediatamente antes de comeza-lo exercicio, ou ben contestar a cuestións sobre coñecemento do territorio municipal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo de trinta minutos para a súa realización.

Cualificarase de cero a tres puntos, sendo necesario acadar como mínimo unha puntuación de un con cinco puntos para superala.

Cuarta. Proba de avaliación do coñecemento da lingua galega, só para aqueles aspirantes que non pudiesen acreditarlo documentalmente.

Esta proba estará dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que os/as aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego. Será de carácter obrigatorio e eliminatorio e cualificarase como apto/non apto.

Consistirá en redactar correctamente, nun tempo máximo de 30 minutos, un texto con erros facilitado polo tribunal. Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos exixido para acadar o resultado de apto.

Sen embargo, as persoas aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega, con carácter previo e de maneira normativamente establecida (mediante a presentación, xunto coa solicitude, de fotocopia compulsada do certificado de iniciación na lingua galega ou CELGA 3 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia), quedarán exentas da súa realización e daráselles por superada esta proba coa calificación de apto/a.

Cualificación final e relación de aprobados

A cualificación definitiva do proceso selectivo será o resultado da suma das puntuacións outorgadas polo tribunal en cada un dos exercicios que compoñen a fase de oposición.

A puntuación final dos aspirantes que superen este proceso selectivo será o resultado da suma das puntuacións obtidas na proba de avaliación de coñecementos referida ao temario e da proba de coñecemento do termo municipal e toponimia local.

Establecida a puntuación final de cada aspirante, elaborárase unha listaxe destes/as baseándose na súa puntuación e por orde decrecente, resultando aprobados/as os/as que, tendo en conta o número de prazas, obtivesen as notas máis altas.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, estas resolveranse pola puntuación obtida no segundo exercicio do proceso selectivo (proba de coñecementos) e, se iso non fose suficiente, pola puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que se resolva o mesmo. De persistir o empate serán admitidas as mulleres, de acordo co artigo 37 da Lei 7/2004, galega para a igualdade de mulleres e homes, dada a infrarrepresentatividade do persoal feminino no cadro de persoal da policía local.

No suposto de que os/as seleccionados/as non presenten a documentación requirida ou ben renuncien ao posto obtido, a proposta de contratación efectuarase ao seguinte da lista de puntuación obtida.

Publicidade do proceso selectivo

A publicidade dos distintos actos derivados deste proceso selectivo, así como as comunicacións a que dese lugar, realizaranse mediante publicación no taboleiro de edictos deste Concello.

Coa finalidade de facilitar o acceso á información dos aspirantes, e sempre con carácter complementario, tanto as convocatorias e bases como os sucesivos anuncios relativos ao proceso selectivo, poderán ser obxecto de publicación na web municipal, unha vez feita a publicación no taboleiro de anuncios do Concello. Estas publicacións na web non terán validez a efectos de cómputo de prazos e a información de carácter persoal contida nas mesmas será posible baixo a consideración de que os aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten e aceptan todo o clausulado establecido na presente convocatoria e bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes será de carácter interno e uso restrinxido.

Protección datos de carácter persoal. De conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/199, de 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais serán incorporados a un ficheiro de titularidade do Concello de Malpica de Bergantiños, autorizando ao tramento dos mesmos, para a súa utilización en relación có desenvolvemento do proceso selectivo. Poderanse exercitar os dereitos de acceso, rectificación ou cancelación dos enviando unha solicitude por escrito, acompañada de fotocopia de DNI, dirixida ao Concello de Malpica de Bergantiños, , Avenida Emilio González, 1. 15113. Malpica de Bergantiños.

SÉTIMA.- PROPOSTA DE APROBADOS/AS.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal publicará no citado taboleiro de anuncios o nome do/a aspirante aprobado/a coa puntuación obtida polo mesmo. Así mesmo, o Tribunal elevará esta relación, coa acta da sesión, ao Alcalde para proceder á formalización do contrato correspondente, a favor do/a aspirante que obtivera a puntuación total máis alta (o Tribunal Cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas). Calquera proposta que inclúa máis nomes que prazas convocadas ou contradiga o anteriormente establecido, será nula de pleno dereito.

Curso de formación. Os/as aspirantes que superasen o proceso de selección deberán participar nun curso de formación que desenvolverá anualmente a Academia Galega de Seguridade Pública. Aqueles/as que xa tivesen participado e obtivesen certificado de asistencia ao dito curso, estarán exentos/as desta obriga por un período de catro anos, de acordo co previsto no artigo 48.2º do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de coordinación de policía locais.

Lista de substitucións. Na acta da última sesión, incluírase unha relación dos aspirantes que tendo superados os exercicios da oposición, no seu caso, non foran incluídos na proposta de contratación

No caso de que non quedasen aspirantes nesta situación, relacionaranse aqueles que tivesen superado algún dos exercicios a efectos de poder, se así se considera, ser contratados eventualmente para cubrir provisionalmente as vacantes que se produzan ou as ausencias por disfrute de licencias regulamentarias, necesidades do servizo, etc., ou por se fose necesario cubrir algunha baixa ou renuncia do/a seleccionado/a.

OITAVA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

Cada unha/un das/os aspirantes propostos presentarán na Secretaría Xeral do Concello, no prazo de **dous (2) días naturais** a contar a partir do requerimento que a tal fin faga o Concello, os documentos que acrediten que cumpren todos e cada un dos requisitos esixidos na base 2ª desta convocatoria, no caso de que non foran xa presentados xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, algún ou algunha dos/as aspirantes propostos/as non presentara a súa documentación ou non acreditara reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder á súa contratación, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.

NOVENA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Unha vez presentada a documentación á que se refire o apartado anterior, o órgano competente da Corporación procederá á contratación a favor dos/as aspirantes propostos/as polo Tribunal Cualificador, e será nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

Previamente á sinatura do contrato, as/os aspirantes contratados/as deberán subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Mentres non se formalicen os respectivos contratos e non se incorporen ao posto de traballo, as/os aspirantes non terán dereito a percepción económica de ningunha clase.

As persoas contratadas estarán obrigadas a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, e quedarán sometidas a un período de proba, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, e estarán suxeitas á lexislación laboral pertinente.

DÉCIMA.- NORMAS FINAIS.

Primeira.- Para todo o non previsto nestas bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletorio o establecido na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de Administración local de Galicia, Real Decreto 896/1991, Real Decreto 364/1995, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na base 3ª, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a través do taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

Terceira.- Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante deste.

Cuarta.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpor recurso de reposición ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado desde ao día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o

recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recursos de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo do que poida exercitar calquera outro que considere procedente.

ANEXO I: TEMARIO

1. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O pleno. O alcalde. A xunta de goberno local. Outros órganos municipais.
2. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.
3. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.
4. Lei de Coordinación das Policía Local de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: Disposicións xerais e faltas disciplinarias.
5. A actividade da Policía Local como policía administrativa I: Consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.
6. A actividade da Policía Local como policía administrativa II: Urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.
7. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices.
8. Delitos contra a seguranza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos a motor. Lesións e danos imprudentes.
9. Lei de seguranza Viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.
10. Normas xerais de circulación: Lugar na vía, Velocidade, Prioridade de paso, Cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza.
11. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obrigatorio.

12. A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidades do auxiliar de policía.

ANEXO II. MODELO INSTANCIA (Orientativo).

Dº/Dª
.....

titular do DNI nº....., e con enderezo a efectos de notificación,

en.....
..,

CP....., Teléfono:.....

EXPOÑO:

- Que solicito ser admitido/a para as probas de proceso selectivo por sistema de oposición correspondente a un posto de AUXILIAR DE POLICÍA LOCAL , de acordo coa convocatoria publicada no diario de prensa _____ de data de _____.
- Declaro coñece-las Bases reguladoras desta convocatoria.
- Que reúno todos os requisitos esixidos na Base segunda.
- Que achego a esta solicitude, de acordo coas citadas bases, a documentación seguinte:

- ✓ Fotocopia do carnet de identidade.
- ✓ Fotocopia do título esixido no apartado C.
- ✓ Xustificante de ingreso da taxa por dereitos de exame
- ✓ Certificado médico

(sinatura do solicitante)''
